

**Axuda/Subvención:** Axudas destinadas ao financiamento dos xuros de préstamos concedidos nas convocatorias dos cursos académicos 2008-2009 ou 2009-2010 ao alumnado universitario galego.

**Organismo:** Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**Beneficiarios:** Alumnos universitarios que foron beneficiarios dos préstamos nas convocatorias dos cursos académicos 2008-2009 ou 2009-2010 e que se matriculen no próximo curso 2010/2011 nos mesmos estudos para os cales se lles concedeu o crédito.

**Presentación de solicitudes:** A solicitude, segundo o modelo ED434B que se publica como anexo na orde de axudas, asinada polo/a interesado/ a, remitirase á Secretaría Xeral de Universidades, edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela e poderá presentarse:

a) No Rexistro Único da Xunta de Galicia, ou ben en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

b) Nos rexistros oficiais das universidades do sistema universitario de Galicia, de conformidade coa Resolución do 25 de xuño de 2007, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de rexistros administrativos.

Se a solicitude é remitida por correo, presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo/a funcionario/a de correos antes de que proceda á súa certificación postal.

**Prazo de presentación:** do 8 de xullo ata o día 15 de setembro de 2010, ambos incluídos.

**Publicación:** DOG Nº 128, Mércores, 7 de xullo de 2010

**Máis Información (Anexos):**

<http://www.xunta.es/Dog/Dog2010.nsf/FichaContenido/25E96?OpenDocument>

**Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.** Secretaría Xeral de Universidades.  
Edificio administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela. Principal: 981 545 427 Fax: 981 545 422